

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de novembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1351).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1352).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALLADARES PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O ANO 2013. EXPTE. 6375/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 20.11.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 80.000 € (oitenta mil euros), con cargo á aplicación presupostaria 9240 7800001, denominada "Subvención Escola de Música de Valadares" incluída no vixente orzamento municipal (ano 2013), aprobado en sesión plenaria de 30 de xaneiro de 2013.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares” (CIF: G-36617082), cuxo obxecto é a subvención da segunda e última fase das obras de reforma do local situado na Estrada de Valadares, nº 233, co fin de adicar a actividades socioculturais e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 80.000 € (oitenta mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO CULTURAL, ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALLADARES, PARA A EXECUCIÓN DA SEGUNDA E ÚLTIMA FASE DAS OBRAS DE REFORMA, XA REMATADA, DO INMOBLE SITUADO NA ESTRADA DE VALADARES, Nº 233 PARA ADICAR A ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS

Na Casa do Concello de Vigo, ----- dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra, Don Gregorio Álvarez Pereira, provisto de D.N.I. 35985740-D, actuando en calidade de presidente, en representación do Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares (CIF:G-36617082), con enderezo social en Vigo, na Estrada Xeral de Valladares nº 233.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares” ten, entre os seus fins, a organización de actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas, para cuxo desenvolvemento executou as obras de reforma do local social situado na Estrada Xeral de Valadares, nº 233, propiedade do centro, coa finalidade de adicar a actividades socioculturais nas plantas semisoto, baixa e primeira da edificación, o que permitirá un mellor desenvolvemento das actividades propias da entidade, incrementando, dunha banda, a promoción da formación cultural, artística e musical, e doutra, a realización de actividades

lúdicas e de fomento da participación cidadá, para dar resposta, así, ás necesidades da veciñanza de Vigo en xeral, e dos residentes da parroquia de Valadares en particular.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da subvención da segunda e última fase das referidas obras, continúa no seu compromiso, non só de garantir a participación da cidadanía na vida local senón tamén de promovela activamente, mediante o fomento do asociacionismo, en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas, sociais, culturais, etc., todo iso, coa finalidade de colaborar coa poboación na proposta e detección de solucións ás diferentes problemáticas sociais e urbanas, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, establecendo canais de cooperación co Concello na busca do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias e que conforman a nosa cidade, cómpre salientar a importancia da implantación do movemento asociativo cultural e veciñal en xeral e, en particular, a labor do “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valadares”, o cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

III.- Que, respectivamente, coas datas 16/12/11 e 14/11/13, o C.C.A.R. de Valadares obtivo as preceptivas licenzas municipais de obra para a reforma parcial da edificación situada no nº 233 da Estrada de Valadares, consistente na redistribución de espazos sen cambio de uso característico nas plantas semisoto, baixa e primeira, así como, licenza de actividade e instalación sociocultural, obra que, á vista da documentación achegada, o técnico redactor do proxecto dividiu en dúas fases, e licenza de posta en funcionamento, que acredita que as obras se executaron de conformidade co proxecto que serviu de base para o outorgamento da licenza

IV.- Que, de conformidade cos artigos 22.2 da Lei, 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante) na subvención a outorgar concorren circunstancias que motivan a innecesariedade da súa convocatoria pública e que xustifican a súa concesión directa:

- No vixente orzamento do Concello de Vigo (2013), está prevista a dotación orzamentaria, consignada na aplicación 9240 7800001, polo importe de 80.000,00 € (oitenta mil euros), coa denominación “Subvención Escola de Música de Valadares”.*
- Están presentes singulares circunstancias de interese público, social, económico, comunitario e outros fins contemplados no art. 2 dos seus Estatutos. Así, o Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valadares ten, entre os seus fins, organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas, asumir a defensa dos intereses dos/as veciños/as, atender aos sectores sociais máis desfavorecidos, promover a cooperación cultural, social, humanitaria, económica, accións a prol dos/as veciños/as, fomentar o voluntariado social e cultural entre a veciñanza ou realizar labores de dinamización e intervención social e cultural.*

Faise necesario para o desenvolvemento das actividades da entidade, dotala dun local que lle permita acadar as finalidades de carácter cultural, educativo, deportivo, social, formativo e informativo perseguidas, e que contribúen ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto no art. 26.1 da Lei 9/07, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG, en adiante), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente e que o mesmo ten o carácter de bases reguladoras da subvención, os que interveñen, conclúen o presente ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento da execución material da segunda e última fase das obras de reforma, xa rematadas, do inmovible da súa propiedade, situado na Estrada Xeral de Valadares, nº 233, cun orzamento de gastos de 104.867,94 €.

VI.- Que a entidade "Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valadares", non está incurso en ningunha das prohibicións ou circunstancias contempladas no artigo 13 da LXS para ser beneficiaria da subvención obxecto do presente convenio, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local e fronte a Seguridade Social, nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, económico, social, cultural, participativo, comunitario etc., que para a cidade de Vigo representan as actividades prestadas polo Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valadares, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a mutua colaboración no ámbito de prestación de servizos de competencia local e do fomento da participación cidadá, e a concesión da referida subvención de conformidade cos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A entidade comprométese a colaborar co Concello de Vigo, en xeral, e coa Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en particular, debendo:

1- Asumir o cumprimento das accións obxecto do presente convenio e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención

2- Destinar o inmovible cuxas obras se subvencionan a actividades socioculturais, nos termos do proxecto achegado, tal e como e se lle autorizou na licenza municipal de actividade, e que, segundo os seus Estatutos, constitúen o fin principal da entidade, durante un período mínimo de quince anos, circunstancia que, por tratarse dun ben inscribible nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura de propiedade, xunto coa indicación do importe da subvención concedida. Practicada a inscrición, facilitaráselle copia simple do documento a administración concedente.

3- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización do proxecto e a finalidade que determinan a concesión ou goce da subvención

4- Someterse as actuacións de comprobación ou control financeiro que, en calquera momento, poida levar a cabo a administración concedente, estando obrigada a facilitar canta información e documentación se lle requira ao efecto

5- Comunicar ao órgano concedente, con anterioridade á xustificación da subvención, a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, procedentes de calquera entidade pública ou privada, nacional ou internacional

6- Acreditar, con motivo da xustificación dos fondos recibidos, que a entidade beneficiaria se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte ás administracións, estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social, así como, que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro

7- Dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento das obras mediante a colocación, en lugar preferente, dun cartel publicitario, no idioma galego, no que deberá figurar o logotipo oficial do Concello de Vigo, como patrocinador das obras, segundo o modelo que estará á disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, previa aprobación ao efecto

8- Acreditar ter aboado as taxas, impostos e demais gastos derivados da execución das accións conveniadas

9- Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

10- En todo caso, de conformidade co art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá aprobado en sesión plenaria do 26/03/92, no último trimestre do ano, a asociación presentará unha memoria de actividades, balance económico do exercicio e orzamento para o ano a seguir

11- En xeral, cumprir con todas as obrigas que o art. 14 da LXS e demais normativa reguladora establece para as entidades beneficiarias.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1- Respetar a estrutura organizativa do “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares”.

2- Conceder directamente á entidade “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares”, unha subvención por importe de 80.000,00 € (oitenta mil euros) co obxecto de financiar a execución da segunda e última fase das obras de reforma, xa rematadas, do local social situado na Estrada Xeral de Valadares, nº 233, propiedade do centro, para adicar a actividades socioculturais nas plantas semisoto, primeira e segunda da edificación, realizadas conforme ó proxecto e anexos do arquitecto técnico redactor, e cuxo orzamento de referencia (IVE incluído) se desglosa no seguinte cadro:

CONCEPTO	➤GASTO
➤ALBANELERÍA	➤ 58,917,13 €
➤CARPINTERÍA	➤14.882,73 €
➤INSTALACIÓNS	➤13.208,48 €
➤PINTURA E VARIOS	➤17.859,60 €
➤TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL 2ª FASE	➤104.867,94 €

Pola súa parte, o Concello estará facultado para:

1- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento, por parte da asociación, das accións conveniadas, así como a adecuación do gasto subvencionado ao valor de mercado.

2- Comprobar a adecuada xustificación da subvención, a correcta e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou o goce da subvención

3- Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora cando proceda segundo o art. 37 da LXS

4- Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora

Terceiro.- En virtude da habilitación contida no art. 19 LXS esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, de acordo co art. 19.3 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adelante), o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, se procederá na forma prevista no artigo 37.2 da mesma e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS, en adelante).

Cuarto.- O Concello de Vigo, concederá ao “Centro Cultural, Artístico e Recreativa de Valadares” unha axuda económica de 80.000 € (oitenta mil euros) con cargo á aplicación 9240.7800001 denominada “Subvención Escola de Música Valadares”, incluída no vixente orzamento municipal (2013), aprobado en sesión plenaria do 30 de xaneiro de 2013 (BOP nº 27 do 07/02/13), que se destinará a subvencionar a execución da segunda e última fase das obras de reforma, xa rematadas, obxecto do presente Convenio. Esta cantidade aboaráselle á entidade mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5082 31 3040001487.

Quinto.- Se, á vista da documentación achegada para a xustificación da axuda, resultase que o custe total da segunda fase das obras de reforma que se subvencionan, resultase ser menor que o orzamento achegado, que serviu de base para establecer a contía da subvención, ou se se reduciran na execución do proxecto subvencionado as actuacións ou elementos previstos inicialmente, procederá a redución da axuda na mesma proporción .

Sexto.- Conforme ao art. 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación desta subvención no diario oficial correspondente, por canto se trata dunha axuda pública que ten asignación nominativa no orzamento municipal vixente (2013).

Sétimo. - Prazo e forma de xustificación:

Seguindo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización do proxecto.

A xustificación da subvención realizarase polo "Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 7 de decembro de 2013.

O aboamento da subvención levarase a cabo mediante un único pagamento a conta.

A conta xustificativa da subvención, que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención outorgada, conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude expresa de abono da subvención.

b) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras realizadas e dos resultados obtidos, que incluírá rexistro fotográfico ou audiovisual.

c) Memoria de actividades socioculturais da entidade no ano 2013, para cuxo desenvolvemento se autorizaron as obras de reforma, segundo resolución de licenza municipal de obra e actividades, na que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

d) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

e) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

g) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

h) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

i) acreditarase a difusión pública do financiamento do Concello de Vigo, como patrocinador das obras, mediante a colocación, en lugar destacado, dun cartel publicitario, no idioma galego, no que deberá figurar o logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo o modelo que estará á disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, previa aprobación ao efecto.

j) certificación das obras realizadas expedida polo técnico director conforme as mesmas se axustan ao proxecto e anexos presentados, que acompañará a correspondente licenza de funcionamento

k) memoria de actividades, balance económico do exercicio e orzamento para o ano 2014

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5082 31 3040001487 (Novagalicia Banco)

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, o beneficiario perderá o dereito á mesma, de conformidade co disposto no art. 31.5 da LSG e na Base 38ª.8 das BEP.

Oitavo.- Será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente. Non se aboarán as facturas sen o visto e prace do arquitecto municipal, polo que, as que se acheguen deben ser conformes co orzamento de execución material de obras previsto no proxecto e anexos que serviron de base para o outorgamento da licenza.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias fronte ás administración estatal, autonómica e local e para coa Seguridade Social, así como, non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, dende o 1 de xaneiro ata a sinatura do convenio.

Décimo primeiro.- A realización da actuación subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio,

a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata a data de xustificación.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ----- de 2013.

3(1352).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU DA CONCELLERÍA DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE 4967/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.11.13, o informe de fiscalización do 28.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 14.11.13, dáse conta do informe-proposta do concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas, do 14.11.13, que di o seguinte:

A Fundación Vigo Convention Bureau é unha organización, promovida polo Concello de Vigo e contida por Caixanova, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra, IFEVI e o propio concello. É de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, e da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral.

Entre os seus obxectivos figura: captar convencións e incentivos para Vigo, aglutinar e asesorar ás empresas, institucións e organismos na súa actuación de fomento do turismo MICE de Vigo, elaborar candidaturas e representar a Vigo como sede de congresos, asistir a feiras e salóns especializados, servir de soporte para a confección de programas e actividades para as viaxes de incentivos, promocións en medios de comunicación, organización de famtrips e press trips que melloren o coñecemento da cidade e crear e consolidar unha conciencia pública sobre a importancia económica do turismo.

Ten como fin ..."o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións, e a captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo", que ten un interese socioeconómico público, recoñecido e esta resolución subvenciona actividades que posúen o carácter de interese público polo seu aporte á economía produtiva e social de Galicia e de Vigo.

No seu Plan Estratéxico Anual de Actuación (achégase copia), a Fundación Vigo Convention Bureau pretende situar a cidade de Vigo no mapa dos congresos, aumentar a presenza da cidade noutras institución e incrementalala nos mercados internacionais, coadxuvar á creación dunha marca de cidade como destino turístico e de congresos, crear produtos específicos complementarios cos existentes, desestacionalizar a demanda e medir a efectividade das accións de promoción.

Tendo en conta estes criterios e atendendo ás actuacións realizadas pola Fundación Vigo Convention Bureau desde a súa constitucións e consonte co previsto nos estatutos que a rexen, a Concellería de Turismo do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano 2013 unha subvención con carácter nominativo e directo a favor da dita Fundación, por importe de 50.000€, a abonar en dous pagos de 25.000€ cada un, o primeiro xa abonado a conta por razóns de urxencia e o segundo pendente de pago a día da data. Esta resolución non obedece aos principios de publicidade e concorrència, xa que pode concederse directamente ao figurar nominalmente no orzamento aprobado para o exercicio 2013, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013.

Non existe ningunha incompatibilidade coa percepción por parte desta entidade doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

A concesión de subvención implica a aceptación por parte da Fundación Vigo Convention Bureau das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o coñecemento de que os seus datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do

Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo.”

A Fundación Vigo Convention Bureau presenta unha memoria xustificativa, onde figuran as actividades realizadas e o destino da subvención e o Concello de Vigo a través deste servizo de turismo comproba o correcto destino da subvención outorgada. A técnica que subscribe informa da adecuada xustificación da subvención, así como da realización das actividades relacionadas co cumprimento da finalidade da Fundación.

Para a tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución, a Fundación Vigo Convention Bureau achega polo rexistro xeral do Concello de Vigo en data 22 de outubro de 2013, coa memoria correspondente a seguinte documentación:

➤Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que reúnen as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Estas facturas se corresponden con gastos vinculados directamente co obxecto do presente convenio.*
- A entidade solicitante presenta orixinais estampillados coa indicación expresa da parte que se imputan a esta xustificación.*
- Os documentos xustificativos se corresponden con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención e non consta de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

➤O plan de actuación para 2013

➤A memoria de actuacións de 2013 (ata o 30 de setembro de 2013)

➤Os certificados xustificantes acreditativos de carecer de débedas coa Seguridade Social, Facenda e Axencia Tributaria

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión de subvención directa en concepto de aporte ordinario do Concello de Vigo como socio fundador, a favor da entidade: Fundación Vigo Convention Bureau, co CIF: G-27722883 e c/c 2080 5000 61 3040330416, con cargo á partida 4320.4890000 do vixente orzamento, por un importe total de 50.000,00 €.

SEGUNDO.- Dar por convenientemente xustificado o primeiro pago a conta realizado por razón da urxencia por importe de 25.000€.

TERCEIRO.- Dar orde de abono do segundo pago, por importe de 25.000€, pendente a día da data e xustificado de conformidade consonte coas condicións establecidas na parte expositiva da presente resolución .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.